



BREVE RESUMO DA XORNADA TÉCNICA SOBRE O PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

Alberto Escobar Molinero
Cristina López Emil

0. Estrutura

- **Día:** Venres 26 de xaneiro 2018. 10:30 a 14:00
- **Presentación:**
Presidente de la FEGAMP: D. Alfredo García Rodríguez,
Directora xeral de Urbanismo: Dna. M^a Encarnación Rivas Díaz
- **Poñentes:**
Directora xeral de Urbanismo: Dna M^a Encarnación Rivas Díaz
Subdirector xeral de urbanismo: D. Eduardo Sobrino Rodríguez
- **Clausura:**
Presidente da Xunta: D. Alberto Núñez Feijóo
- **Asistentes:**
Aproximadamente 300 persoas. Técnicos, xurídicos, alcaldes de diferentes concellos de Galicia e demais interesados.

1. Programa

Basicamente a xornada, segundo o programa previsto estruturouse en dos apartados

- Visión Xeral sobre o Plan Básico Autonómico.
- Análise técnica e explicación do documento.
- Terno de preguntas
- Clausura

2. Cuestións transmitidas

Resumidamente as cuestións transmitidas na xornada foron relativas o Plan Básico Autonómico (PBA) foron:

- **OBXETIVOS:**
Ten como obxectivo ser unha ferramenta para plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial galega. Así:
 - Será o marco de referencia para a delimitación das afeccións derivadas da lexislación sectorial e os instrumentos de ordenación do territorio (costas, estradas, rede natura, augas, montes, patrimonio, proxectos sectoriais, eólicos, etc).
 - Identifica todos os asentamentos de poboación existente en Galicia, clasificándoos segundo as Directrices de Ordenación do Territorio.
 - Establece unhas normas xerais e ordenanzas tipo, en función das clases e cualificacións do solo.



- Contén o Catálogo dos elementos a protexer para cada concello, cunhas Fichas Básicas dos elementos catalogados con información do ben e a súa localización, identificando todos os bens inmobles do patrimonio cultural, tanto os inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia como no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, e os seus contornos de protección e zonas de amortecemento, de ser o caso.

- **DERROGA:**

Substituirá ás Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais do ano 1991 das 4 provincias, de fai 27 anos.

- **APLICABILIDADE:**

- O Plan Básico Autonómico será de aplicación directa nos concellos que carezan de planeamento municipal (49) e terá carácter complementario naqueles concellos que dispoñen de planeamento non adaptado.
- En virtude deste carácter complementario, as súas determinacións serán de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente.

- **OBXETIVOS:**

Unha das súas principais finalidades é a definición das áreas do territorio nas cales sexa necesario recadar informe dos diferentes organismos con competencias sectoriais para a realización de calquera actividade que implique a acción urbanística. Para este fin, a incorporación das parcelas catastrais nos planos a escala 1:10.000 axudará no trámite de solicitude de ditos informes.

- **APLICABILIDADE e MARCO NORMATIVO:**

Dentro do PBA terán carácter normativo os Planos a escala 1:10.000, as Ordenanzas Tipo e as fichas do Catálogo. Os restantes documentos terán carácter informativo e xustificativo.

- **CONTIDO**

Se compoñe dos seguintes elementos:

- **PLANOS:**

a escala 1:10.000 : 4.112 planos

- Planos de delimitación das afeccións sectoriais
- Planos de identificación dos asentamentos de poboación
- Están representados todos os asentamentos de poboación, grafados de xeito que se identifica a que sistema dos establecidos polas Directrices de ordenación do territorio pertence cada un, así como os ámbitos municipais e provinciais dos que forman parte.
- Reflicte os 36.000 elementos catalogados
- Tantos os planos como os elementos catalogados por concello, pódense descargar individualizadamente.

a escala 1:25.000 :

- 4 planos. Plano-Guía a escala 1:250.000 coas 4.112 follas da cuadrícula, onde está o texto do Concello e da Provincia á que pertence.
- Os planos a escala 1:250.000 recollen a gradación efectuada polas DOT agás os chamados resto de asentamentos, os cales si son recollidos nos planos a escala 1:10.000 que agrupan toda Galicia.

○ ANEXOS

- Anexo I da Memoria incorpora un listado das máis de 33.000 entidades rexistradas no Nomenclator Oficial de Galicia.
- Este listado está ordenado por Provincias e Concellos.

3. Fotografías ilustrativas

